

## CIENCIAS SOCIAIS

### 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

Ola Chiquipandi,

Esta semana a imos dedicar a rematar todo o que vos quede pendente da liña do tempo, é dicir, non imos engadir nada máis. Aproveitade a semana para poñer as liñas do tempo ao día e cando estén listas as enviades ao meu correo: [profeantia@gmail.com](mailto:profeantia@gmail.com)

Se as tedes feitas a ordenador, enviádesme o arquivo no medio que empregádes para facer o voso traballo (word, pdf, powerpoint, vídeo...).

Se as tedes feitas en folios, cartolinas, maquetas... enviádeme fotos de todo o voso traballo. Recordade comprobar que as imaxes sexan visibles.

A continuación, déixovos todo o que ten que aparecer nesas liñas do tempo para que as revisedes ben.

1. O nome de todas as etapas da prehistoria (Paleolítico, Neolítico e Idade dos Metáis) e da historia (Idade Antiga, Idade Media, Idade Moderna e Idade Contemporánea).
2. As datas nas que transcorre cada etapa.
3. Os acontecementos que marcan o inicio e o fin de cada etapa.
4. As características máis importantes de cada etapa.
5. As pandemias que azoutaron algunhas etapas.
6. Os mapas da Península Ibérica ao final de cada etapa.

Recordade que para personalizar as liñas do tempo podedes engadirlle imaxes ou debuxos propios, ademáis de letras en diferentes cores que as fagan máis visuais.

Ánimo historiadores e historiadoras!! Seguro que facedes unhas liñas fantásticas!! Non esquezades envialas ao meu correo ao longo desta semana para poder correxilas.

Seguide traballando así de ben e conseguiremos aprender grandes cousas xuntos aínda que esteamos lonxe!!

Un abrazo enorme para vós e para as vosas familias!!

Quérovos moito moitísimo, mi Chiquipandi!!

Antía

**NOTA INFORMATIVA RECUPERACIÓNS 2º TRIMESTRE:**

Todos aqueles alumnos e alumnas de 6º EP que teñan suspensa a segunda avaliación de Ciencias Sociais, deben centrarse en realizar as actividades de recuperación que están publicadas na páxina web do colexio. É moi importante que as fagades para poder recuperar o segundo trimestre desta materia.

A data límite para a entrega destas actividades é o **vernes 15 de maio**.

Unha vez feitas, debes envalas ao meu correo: [profeantia@gmail.com](mailto:profeantia@gmail.com)

Recordade que se facedes as actividades a ordenador podedes envalas directamente en word e pdf. No caso de facelas a man, enviade fotos revisando que se vexan ben.

Calquera dúbida, escribídeme un correo.

Ánimo, chicos e chicas!!